

CURSO INTRODUTORIO

SUPERVISIÓN: UN INSTRUMENTO PARA A CALIDADE NA INTERVENCIÓN SOCIAL E O AUTOCOIDADO DAS/OS PROFESIONAIS

DOSSIER INFORMATIVO



INDICE

1) Resumo do curso.....	2
2) Introducción.....	2
3) Obxectivos.....	3
4) Contidos formativos.....	4
5) Persoas destinatarias.....	4
6) Calendario	4
7) Metodoloxía.....	5
8) Avaliación	5
9) Docencia	6

1.RESUMO DO CURSO



12 horas



3 sesións virtuais de 4h



Do 8 ao 22 de novembro de 2021



Colexiadas/os: 50€

1. INTRODUCCIÓN

A **supervisión** é a análise da práctica profesional. É un traballo sobre o traballo, "un metatraballo" que se sitúa na interface entre a aprendizaxe, a formación, a educación e o apoio nunha organización.

A supervisión levada a cabo por un supervisor externo á institución é un proceso e unha relación. O seu obxectivo é **revisar o traballo profesional e os sentimentos**, ao tempo que axuda a contrastar os marcos teóricos e conceptuais coa praxe cotiá.

O núcleo da supervisión son os supervisados, os profesionais e o foco ponse sobre a intervención, os sentimentos, os valores, o modelo de interpretación que se manifiestan na súa actitude e orientación coas persoas atendidas, cos colegas e tamén cun mesmo/a.

É un espazo de formación e renovación durante o exercicio profesional, onde preguntarse, para dubidar e para canalizar a non solución. Segundo Puig (2015), a supervisión é un espazo que se caracteriza para ser un ámbito de reflexión sistemática sobre a acción profesional sen cumprir funcións de control.

Neste sentido, a supervisión:

- Facilita os procesos de traballos internos.
- Clarifica tarefas e funcións dos diferentes interventores sociais.
- Axuda, como outros apoios técnicos, na planificación e na avaliación de programas.

Os obxectivos da supervisión están centrados en:

- Aumentar a capacitación e o desenvolvemento profesional para realizar o traballo específico.
- Favorecer a comunicación e a cohesión entre diferentes profesionais e disciplinas incrementando o potencial e a especificidade de cada persoa membro.
- Posibilitar o incremento da calidade dos servizos.

2. OBXECTIVOS

- Facilitar aos/ás persoas participantes un achegamento aos principios básicos, obxectivos e metodoloxía da supervisión de profesionais e equipos de Traballo Social.
- Proporcionar aos profesionais coñecementos que lles permitan identificar cando está indicada a supervisión.
- Conocer as potencialidades da supervisión como instrumento de autocoidado.
- Identificar os sistemas implicados na supervisión.

3. CONTIDOS FORMATIVOS

Módulo 1. Introducción á supervisión como un proceso.

Módulo 2. Obxectivos da supervisión.

Módulo 3. A supervisión como medida de autocoidado.

Módulo 4. Cando está indicada a supervisión.

Módulo 5. Principios básicos.

Módulo 6. Sistemas implicados na supervisión.

4. PERSOAS DESTINATARIAS

As persoas destinatarias da acción formativa serán as/os traballadoras/es sociais colexiadas/os e precolexiadas/os, interesadas/os na materia.

5. CALENDARIO

Do 8 ao 22 de novembro de 2021.

As sesións virtuais desenvolveranse nas seguintes datas:

VIDEOCONFERENCIAS	DATAS	HORARIO
Sesión 1	08/11/2021	16.00-20.00h
Sesión 2	15/11/2021	16.00-20.00h
Sesión 3	22/11/2021	16.00-20.00h

6. METODOLOXÍA

O curso desenvolverase de xeito **virtual** a través da plataforma Zoom.

As sesións de traballo serán **esencialmente prácticas**. A docente exporá conceptos e facilitará un espazo de reflexión e contraste teórico. Preténdese que a ilustración práctica dos contidos teóricos do curso sexa aportada polas persoas participantes.

7. AVALIACIÓN

Para poder acreditar mediante diploma a superación da acción formativa, será precisa a realización das tarefas propostas pola docencia, de ser o caso, así como a asistencia ao 80% das sesións virtuais.

8. DOCENCIA



Dra. Carmina Puig

Profesora de Traballo Social, Departamento de Antropoloxía, Filosofía e Traballo social. Licenciada en Psicoloxía e Doutora en Antropoloxía Social e Cultural.

Supervisora de equipos e profesionais do ámbito psico-social.

Realizou a tese doutoral sobre "*A supervisión en intervencións sociais. Un instrumento para a Calidade dos servizos e o benestar dos profesionais*".

Colabora con institucións e Administracións Públicas nas áreas de benestar social e saúde, en temas de supervisión social e asesoramento de equipos de profesionais. Levou a cabo investigacións relacionadas coa innovación da intervención social, metodoloxías e a sistematización das prácticas sociais.

Na actualidade, as súas liñas de investigación oriéntanse a:

- Intervención profesional. Metodoloxías e sistematización das prácticas sociais.
- O ámbito dos coidados profesionais e a saúde mental.
- Supervisión social e equipos de profesionais. Prevención do benestar dos profesionais e equipos.

Colabora levando a cabo supervisión e formación en máis de 40 institucións e entidades sociais e sanitarias de Cataluña, España e Latinoamérica.

COLEXIO OFICIAL DE TRABALLO SOCIAL DE GALICIA

Rúa Dublín, 6, baixo. 15707 Santiago de Compostela (A Coruña)



981 568 100



info@traballosocial.gal



facebook.com/COTSdeGalicia



[cotsgalicia](https://www.instagram.com/cotsgalicia)

Coa cofinanciación de:



Deputación
DA CORUÑA